

**ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA OU-533
ENTRE A GUDIÑA E VIANA DO BOLO**

1. Obxecto da actuación

As solucións incluídas neste proxecto teñen como principal obxectivo a mellora do tráfico rodado e da seguridade viaria no treito comprendido entre os puntos quilométricos (PP.QQ.) 1+000 e 16+700 da estrada OU-533, entre os concellos da Gudiña e Viana do Bolo (Ourense).

2. Plan de Estradas

A estrada convencional OU-533 A Gudiña (N-525) - A Rúa (N-120) pertence a rede estruturante da Rede de Autonómica de estradas de Galicia.

3. Descrición da actuación

As principais actuacións proxectadas son as seguintes:

- **Carrís adicionais para o adiantamento:** sentido directo, do P.Q. 0+380 ao 1+330 e sentido inverso, do P.Q. 2+730 ao 6+830. Dentro deste último treito dispónse o acondicionamento de dúas interseccións: sentido directo, do P.Q. 8+770 ao 9+430 e sentido inverso, do P.Q. 13+180 ao 14+170. Ademais destes carrís adicionais, incrementouse a lonxitude total de adiantamento, dispoñendo dos treitos seguintes:
 - sentido directo, aprox. do P.Q. 1+910 ao 2+285, do 7+180 ao 7+560 e do 10+760 ao 11+070.
 - sentido inverso, aprox. do P.Q. 2+120 ao 2+500, do 7+400 ao 7+740, do 10+900 ao 11+260 e do 14+400 ao 14+700.
 - **Melloras localizadas do trazado:** realizarase a variante de trazado entre os PP.QQ. 5+000 e 7+100 da estrada actual, que permite a eliminación de varias curvas de radios moi reducidos, reducindo a distancia de percorrido en aprox. 700 m.
 - **Acondicionamento de interseccións:**
 - Marxe dereita, PP.QQ. 1+470, 5+130, 11+440 e 12+700, dispoñendo carril central e semiglorieta para o cambio de sentido.
 - Marxe esquerda, P.Q. 4+090, dispoñendo carril central e semiglorieta para o cambio de sentido.
 - Marxe esquerda, PP.QQ. 8+600 e 12+610, dispoñendo carril central.
 - Marxe dereita, PP.QQ. 9+500 e 9+630, dispoñendo carrís centrais e vía de comunicación que permite o cambio de sentido.
- Tamén se acondicionaron outras 17 interseccións de camiños secundarios mediante o ensanche e abucinamento dos seus accesos.
- **Extensión dunha nova capa de rodadura:** en toda a plataforma da estrada.
 - **Reposición da sinalización, o balizamento e as defensas.**

4. Características técnicas

- **Sección tipo novo trazado con terceiro carril:** gabia 1,5 m + berma 0,75 m + beiravía 0,75 m + carril 3,5 m + carril adicional central 3,25 m + eixo 0,5 m + carril 3,5 m + beiravía 1,0 m + berma 0,75 m.
- **Firmes e pavimentos:**
 - Nova plataforma en tronco e interseccións: capa de rodadura de 5 cm de mestura bituminosa en quente (MBQ) AC16SURF BC50/70 S, rega de adherencia (RA) C60B3 TER, capa intermedia de 5 cm de MBQ AC22BIN B50/70 S, RA C60B3 TER, capa base de 7 cm de MBQ AC22BASE B50/70 S, rega de imprimación C60BF4 IMP, 40 cm de saburra artificial ZA 0/20 e 25 cm de solo estabilizado E2.
 - Calzada existente: reforzo de firme con capa de rodadura de 5 cm de MBQ AC16SURF BC50/70 S e RA C60B3 TER.
 - Camiños de servizo: 30 cm capa de saburra artificial sobre 30 cm capa de solo adecuado.
 - Anéis interiores das interseccións 12 cm de formigón HM-20, delimitado por bordo prefabricado de formigón remontable, sobre capa de 25 cm de saburra artificial. Os illotes deflectores das interseccións resólvense con cebreados mediante marca viaria.
- **Drenaxe:**
 - Drenaxe lonxitudinal con gabias de dous tipos: gabia CR2 (do P.Q. 4+250 ao 5+000), asimétrica triangular revestida de formigón, de anchura 3,50 m con noiros 10H:1V e 1H:1V, e profundidade de 0,32 m; e gabia CR1 (resto da actuación), asimétrica triangular revestida de formigón, de anchura 1,50 m con noiros 10H:1V e 1H:1V, e profundidade de 0,14 m.
 - Drenaxe transversal: restitución, por prolongación, de 20 puntos de descarga existentes a través de obras transversais de drenaxe longitudinal (OTDL) e 5 novos elementos para dar continuidade a drenaxe das gabias. Ademais, colocaranse 20 pasos pasagabias para dar continuidade a rede de drenaxe lonxitudinal, con tubaxes de PVC DN 400 mm SN-8 de dobre parede corrugada. Instalaranse 17 arquetas prefabricadas de formigón de 80x80 cm e profundidade de ata 2,50 m para conectar os distintos treitos de gabia e verter a escorrentía a través das OTDL da traza e que, ademais, servirán como rexistro dos condutos para facilitar as operacións de limpeza.

5. Poboación Servida (IGE 2025)

A Gudiña 1.197 hab. Viana do Bolo 2.715 hab.

TOTAL: 3.912 hab

6. Concellos Afectados

Concellos da Gudiña e Viana do Bolo.

7. Expropiacións

Parcelas afectadas de titularidade privada: 189, das cales 12 pertencen ao concello da Gudiña e 177 a Viana do Bolo.

Expropiación de terreos	246.357,44 €
Bens e Dereitos Afectados	10.340,60 €
Premio de afección	12.834,90 €
Ocupación temporal	83,79 €
TOTAL	269.616,73 €

8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de VINTE E SEIS (26) meses.



9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE)	15.225.927,21 €
Orzamento Expropiacións	269.616,73 €
Orzamento Reposición Servizos titularidade privada	27.038,00 €
Orzamento Plan Vixilancia Ambiental	55.353,36 €
Orzamento Programa Seguimento Arqueolóxico	10.245,80 €
Orzamento para Coñecemento da Administración	15.588.181,10 €


10. Orzamentos por Concello

Concello	OCA	%
A Gudiña	904.305,72 €	5,8
Viana do Bolo	14.683.875,38 €	94,2


PLANO DE SITUACIÓN




SECCIONS TIPO




SECCIÓN TIPO OU-533. REFUERZO DE FIRME



DETALLE 02. SECCIÓN DE FIRME 3121



SECCIÓN TIPO OU-533. NUEVA PLATAFORMA DE TRES CARRILES
SECCIÓN DE FIRME 3121



DETALLE 01. NUEVA RODADURA OU-533